

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE XANEIRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día trinta de xaneiro de 2014, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/12/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/12/2013.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DE GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. DE REVISIÓN CONSUMO SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA EN NOGAREDO DE ALUMEADO PÚBLICO

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural S.U.R. SDG, S.A., rexistro de entrada nº. 22 con data 07/01/2014 no que se comunica a revisión efectuada o equipo de medida

de rexistro de consumos no alumado público sito en Nogaredo CUPS ES0022000004976626KP1P polo que se deixaron de facturar 8.387 Kwh no periodo comprendido entre o 05/04/2012 e 05/04/2013 facturando un consumo do periodo de 836,70 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan ordear aos servizos de mantemento do alumado comprobar esta incidencia e os servizos de intervención non pagar ata ter clara a facturación.

2.1.2.- ESCRITO DA XEFATURA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE SOBRE VENDA EN MERCADOS OCASIONAIS OU PERIÓDICOS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, rexistro de entrada nº. 2549 con data 27/12/2013 no que se envía escrito remitido pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública a FEGAMP, lembrándolle as competencias dos concellos sobre o tema de venda en mercados ocasionais ou periódicos.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN PROXECTO DE TERMALISMO SOCIAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada nº. 20 con data 07/02/2014 no que se resolve a aprobación da documentación xustificativa do Proxecto de Termalismo Social por importe de 6.000 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 2544 con data 26/12/2013 no que se resolve a aprobación da documentación xustificativa das Actividades de promoción económica 2013 por importe de 550 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN PROGRAMA DE SOCORRISMO

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 35 con data 09/01/2014 no que se resolve a aprobación da documentación xustificativa da Convocatoria do programa de socorrismo por importe de 2.962 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 36 con data 09/01/2014 no que se resolve a aprobación da documentación xustificativa das Actividades deportivas 2013 por importe de 2.489,80 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A COMUNICACIÓN DA APROBACIÓN DAS BASES PLAN DTC 93

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Plans Especiais, rexistro de entrada nº. 29 con data 08/01/2014 no que se envía circular sobre a comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan DTC 93 unha Deputación para todos os Concellos e o importe asignado a este concello que ascende a 136.640,35 euros. Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE EXPOSICIÓNS ITINERANTES

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada nº. 49 con data 13/01/2014 no que se comunica o programa de Exposicións Itinerantes para realizar exposicións sobre artes plásticas, banda deseñada ou arte gráfico nos distintos concellos da provincia.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE CAMPAÑA DE ESQUÍ

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada nº. 50 con data 13/01/2014 no que se comunica o programa de Campaña de Esquí na estación invernal de San Isidro.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN SOBRE ASIGNACIÓN TRANSFERENCIAS CORRENTES PARA SERVIZOS SOCIAIS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, rexistro de entrada nº. 2543 con data 28/12/2013 no que se resolve a asignación de 15.013 euros en concepto de Traballadora Social e como anticipo de 7.506,50 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE SUBVENCIÓN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballao e Benestar, rexistro de entrada nº. 16 con data 03/01/2014 no que se resolve o outorgamento de subvención para axente de emprego e desenvolvemento local o abeiro da Orde do 4 de outubro de 2013, por importe de 6.465,11 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ DA PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR 4º TRIMESTRE 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballao e Benestar, rexistro de entrada nº. 145 con data 24/01/2014 no que se achega a cantidade de 20.096,56 euros pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) correspondente o 4º trimestre de 2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.13.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, AUGAS DE GALICIA, RESOLUCIÓN AUTORIZACIÓN VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS DEPURADAS AO RÍO BATÁN PROCEDEMENTES DO SANEAMENTO DO LUGAR DE A PEROXA - ANXELES

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada nº. 154 con data 27/01/2014 no que se achega a resolución de outorgamento de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas do río Batán (cunca do río Tambre) procedentes do saneamento do lugar da Peroxa - Ánxeles.
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN SOBRE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, rexistro de entrada nº. 67 con data 14/01/2014 no que se resolve a asignación de 8.107,60 euros en concepto de Proxecto de atención á primeira infancia no PAI do Concello de Boimorto.
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.15.- ESCRITO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DA CORUÑA SOBRE CONFLICTO COLECTIVO

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo Xulgado do Social nº 5 da Coruña, rexistro de entrada nº. 33 con data 09/01/2014 no que se envia cédula de citación para o día 14/02/2014 sobre conflito colectivo e como demandante o Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia.
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.16.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE SOBRE CANON ANO 2014

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente - SOGAMA, rexistro de entrada nº. 40 con data 10/01/2014 no que se informa sobre o canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos para o ano 2014, coa cantidade de de 74,64€/t máis o IVE.
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.17.- ESCRITO DE RADIOTELEVISIÓN DE GALICIA S.A. SOBRE FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE RTG S.A. POR TVG S.A.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Radiotelevisión de Galicia S.A., rexistro de entrada nº. 147 con data 24/01/2014 no que se comunica a fusión por absorción de RTG S.A. por TVG S.A.
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.18.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA SOBRE COMUNICACION NOVAS TARIFAS CANON DE AUGA E COEFICIENTE DE VERTEDEURA

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Augas de Galicia, rexistro de entrada nº. 34 con data 09/01/2014 no que se comunica aas novas tarifas a aplicar de canon da auga e coeficiente de vertedura a aplicar a partir do 1 de xaneiro de 2014:
Usos domésticos:

Tarifa fixa: 1,54 euros por contribuínte e mes, no caso de que no período o contribuínte non sobrepase o volume establecido no primeiro tramo a cota fixa será de 0,51 euros por contribuínte e mes.

Tarifa variable:

Tramos	Tipos de gravame (€/m3)
Primeiro	0
Segundo	0,29

Terceiro	0,37
Cuarto	0,42

Usos asimilados a doméstico:

Tarifa fixa: 1,54 euros por contribuínte e mes, no caso de que no período o contribuínte non sobrepare o volume establecido no primeiro tramo a cota fixa será de 0,51 euros por contribuínte e mes.

Tarifa variable:

Tramos	Tipos de gravame (€/m3)
Primeiro	0,29
Segundo	0,29
Terceiro	0,37
Cuarto	0,42

Usos industriais por volume:

Tarifa fixa: 2,57 euros por contribuínte e mes

Tarifa variable: 0,433 euros/m3

Usos industriais pro carga contaminante:

No caso daqueles abonados que teñan establecido un tipo impositivo específico e que dito tipo fora comunicado a esa entidade subministradora por Augas de Galicia, o novo tipo impositivo a aplicar para subministros efectuados a partir do 1 de xaneiro de 2014 será o mesmo que no ano 2013 multiplicando por un factor de 1,02 e tomando a cifra resultante con catro cifras decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto ao cuarto decimal máis próximo.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.19.- ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO EN CONTESTACIÓN O ESCRITO SOLICITANDO COPIAS DAS FACTURAS DO SUBMINISTRO DE LUZ ATA O CAMBIO DE TITULARIDADE DO ALBERGUE DE PEREGRINOS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, rexistro de entrada nº. 171 con data 29/01/2014 no que achegan copias das facturas do subministro de enerxía eléctrica dende a data de sinatura do convenio de cesión da xestión do Albergue de peregrinos de Boimorto ata o momento efectivo do cambio de titularidade de dito subministro que ascende a 783,50 euros, co que esta cantidade correspondía pagala ó Concello; polo que segundo informe emitido pola normalizadora lingüística do Concello Sylvia Cea Vázquez, o pago pendente de cobro do Concello en concepto de pernoctacións dos peregrinos ascende a 666 euros, polo que desta maneira quedaría compensado o mencionado pago pendente de cobro. Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DONA TAMARA LÓPEZ GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE LP AVES, S.C.

Examinado o expediente promovido por Dna. Tamara López García, en representación da sociedade LP Aves, S.C., en virtude da instancia número 2204 de 30 de outubro de 2013, solicitando licenza municipal para o proxecto de instalación de almacenamento de GLP a-35

con dous depósitos aéreos de 6,65 m³ cada un e instalación receptora de 650 KW para o suministro a unha granxa avícola no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño. Resultando, que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no DOG núm. 237 do 12/12/2013 e no BOP núm. 237 do 13/12/2013 e notificación aos veciños inmediatos, e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 3 de decembro de 2013 e 20 de xaneiro de 2014 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental, as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 31/10/2013 asinado por D. Ángel Delgado Cid non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Para a execución das obras de construción de naves e almacén para explotación de polos conta con licenza de obra maior (LO 37/2011) e provisional de actividade concedida pola Xunta de Goberno Local o 26 de setembro de 2011 e que foi sometida a incidencia ambiental, emitíndose o ditame polo xefe territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña con data o 20 de setembro de 2012 (expediente CO/0245/2011)

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes 3 votos a favor coa abstención por ausencia da Presidencia, en aplicación do artigo 28.2b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por Dna. Tamara López García, en representación da sociedade LP Aves, S.C., en virtude da instancia número 2204 de 30 de outubro de 2013, solicitando licenza municipal para o proxecto de instalación de almacenamento de GLP a-35 con dous depósitos aéreos de 6,65 m³ cada un e instalación receptora de 650 KW para o suministro a unha granxa avícola no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

3.1.2.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA EN SIXTO, BRATES (BOIMORTO) SOLICITADA A INSTANCIA DE DÑA. MARÍA CELIA LÓPEZ FURELOS.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 28/12/2013 nº de rexistro de entrada 2399 presentada por Dna. María Celia López Furelos, con DNI 33274430-P, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Sixto nº 1, parroquia de Brates, Boimorto, para o proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sixto, Brates (Boimorto)” na finca nº 314 polígono 502 pertencente a parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Blanco colexiado nº 456 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número CO 20130965; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo

de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso, localizándose as obras na segunda das clasificacións.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 05/12/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa de que non é necesario someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe de Secretaría de data 28/01/2014 e as advertencias nel contidas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid no que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade conta con 6 vacas adultas proxectándose a ampliación para un total de 10, polo que non acada os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza provisional de actividade a Dña. María Celia López Furelos para o proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sixto, Brates (Boimorto)” na finca nº 314 polígono 502 pertencente a parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Blanco colexiado nº 456 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número CO 20130965; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso, localizándose as obras na segunda das clasificacións.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións, en concreto:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto que se describen nos seguintes apartados do mesmo:

- Apartado 4 da memoria descritiva.
- Apartado 7 do Anexo I “Memoria de actividade”
- Anexo III “Medio Ambiente”

.- Estará condicionada a que só aumente os animais presentes na explotación de 6 a 10, polo que non acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2088, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas

adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002.

TERCEIRO .- Aprobar a liquidación da taxa por lienza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base impositiva superficie ocupada: 209,50 m²

Tipo de solo: núcleo rural

Tarifa: 1,00 Euros/m².

Cota a ingresar: **209,50 Euros.**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2. PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA O DÍA 23/02/2014

Vista a instancia de data 15/01/2014 co número de rexistro de entrada 75, subscrita por D. José Balado Casal, con DNI núm. 76514858E, actuando en calidade de presidente da Asociación de Cazadores do Barro de Boimorto, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura, o día 23 de febreiro de 2014 en horario de 10:30 a 12:30 para asemblea de socios.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do salón de actos da casa de cultura a José Balado Casal, actuando en calidade de presidente da Asociación de Cazadores do Barro de Boimorto o día 23 de febreiro de 2014 en horario de 10:30 a 12:30 para asemblea de socios.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo ao solicitante.

3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIROS

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 11, con data 02/01/2014 presentada por D. Jesús Brea Costoya con DNI 76457508B, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Curras nº 16, Cardeiro, 15818 Boimorto, na que solicita a baixa no servizo de recollida de lixo e sumidoiros do almacén utilizado pola Cooperativa Agraria de Produtores do Campo de Boimorto correspondente o local sito na rúa Gándara nº 15 parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Considerando que o interesado aporta documento de extinción do contrato subscrito a Cooperativa coa Xunta de Galicia para a utilización do almacén remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar de data 09/10/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo e o recibo de sumidoiros que figura a nome de Cooperativa de Produtores do Campo de Boimorto, correspondente ao local sito na rúa Gándara nº 15 da parroquia de Boimorto, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 1/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 10, con data 02/01/2014, presentada por D. Juan Jesús Peteiro López, en representación da Avícola Hermanos Peteiro S.C., con domicilio a efectos de notificación en Lg. Fontao, nº 9 Brates, Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da granxa sita no lugar de Sobreira, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Juan Jesús Peteiro López, en representación de Avícola Hermanos Peteiro S.C., autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a granxa no lugar de Sobreira, Buazo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 31, con data 09/01/2014 presentada por Dna. Vanesa Casal Rey con DNI 53171966Z, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Corredoiras nº 38, Ánxeles, 15817 Boimorto, na que solicita a baixa no servizo de saneamento e no servizo de recollida de lixo correspondente ó local destinado a café-bar sito no lugar de Corredoiras nº 38 izq, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Constando documentación acreditativa, copia da Declaración censal simplificada presentada por Dna. Vanesa Casal Rey con DNI 53171966Z de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores, con rexistro de entrada na Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Economía e Facenda de Santiago de Compostela en data 03/01/2014.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa no recibo a nome de Jose Luis García Carreira os conceptos de Saneamento fincas e locais e o concepto de Lixo locais no resto do municipio, correspondente ao inmovible sito no lugar de Corredoiras nº 38 izq da parroquia de Ánxeles, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014.

SEGUNDO.- Comunicar a interesada que no caso de nova apertura do establecemento deberá contar coa oportuna licenza de actividade.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais ós efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE SEGREGACIÓN (LO 1/2014) DA FINCA Nº 268 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN CRISTOVO DE DORMEÁ

Vista a solicitude presentada por D. Ramón Mariño Sánchez, DNI núm. 33208756E, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Boavista, 5 parroquia de Dormeá, 15816 Boimorto, A Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 94, con data 18/01/2014, na que solicita a desvinculación de 6.432 m² (solo de núcleo rural orixinario disperso) sobre a superficie total coa que conta a parcela número 268 e simultaneamente a segregación de 1.695 m² conforme ao proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado número 1049.

De acordo co proxecto de segregación a parcela nº 268 de concentración parcelaria de Dormeá se describe así: Prado e pasto ao sitio de “Ribeira de Campos”. Linda: Norte, con Carmen Mariño Sánchez (269) rego no medio en parte, construcións, pozo e terreo de dominio público polo que ten acceso á estrada C-540 de Betanzos a Melide; Sur, Antonio Mejuto Sánchez (263), José Luis Garea Sánchez (267) e construcións; Leste, Carmen Mariño Sánchez (269) rego no medio en parte, construcións e terreo de dominio público polo que ten acceso á estrada C-540 de Betanzos a Melide; Oeste, construción, camiño e terreo de dominio público polo que ten acceso á estrada C-540 de Betanzos a Melide. Ten unha extensión superficial de 39.190 m² e está clasificada no PXOM como solo de núcleo rural (orixinario disperso) e solo rústico de protección agropecuaria.

Visto o informe emitido con data 16 de decembro de 2013 emitido pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación coa consulta realizada por este Concello sobre a viabilidade de segregación da antedita parcela (Rexistro de entrada no Concello co número 2494 en data 18/12/2013) e que se transcribe o texto textualmente:

<<O Concello de Boimorto conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2007, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, publicado no BOP da Coruña núm. 68 do 23 de marzo de 2007. Deste xeito trátase dun planeamento non adaptado, e resulta de aplicación á disposición transitoria primeira Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia, (en adiante LOUG).

Sinala a disposición transitoria primeira e) da LOUG que “Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, na delimitación dun núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión delimitada ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselles o réxime establecido nesta Lei para o núcleo rural común, polo que habrá que aterse ás determinacións contidas o planeamento vixente respectivo, coas especificacións que na disposición mencionada se indican en función da súa consolidación, e debendo respectarse, en todo caso, as maiores limitacións que contemple o planeamento respectivo”.

A parcela ao que se refire esta consulta atópase clasificada, polo planeamento vixente (PXOM 2007), como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural orixinario disperso; o que pretende segregar, segundo manifesta o concello, é a aparte da parcela que esta clasificada como solo de núcleo rural.

Sinala o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2008 de 20 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo que “a división ou segregación dunha finca para dar lugar a dos ou mais diferentese, só será posible si cada una das restantes reúne as características esixidas pola lexislación aplicable e a ordenación territorial e urbanística”.

No artigo 11 da normativa do PXOM, recóllese que “as parcelacións urbanísticas e as segregacións de fincas realizaranse conforme as condicións do artigo 207 da LOUG”. Non

obstante, o paragrafo dous deste precepto legal sinala que, serán indivisibles, a estes efectos, as parcelas que se atopen en algún dos supostos enumerados no artigo 205 desta lei.

Pola súa banda, o artigo 205.1.a) da LOUG establece que serán indivisibles “as parcelas determinadas como mínimas no correspondente planeamento, a fin de constituíren predios independentes”. Neste senso, debe terse en conta que a Ordenanza reguladora de solo de núcleo rural orixinario disperso do PXOM vixente no concello de Boimorto, recolle como parcela mínima: 500 m².

En consecuencia, esta Secretaría entende que será admisible a segregación pretendida sempre que se cumpran os requisitos que sinala a LOUG e sen prexuízo das maiores limitacións do planeamento.>>

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 27/09/2012

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación a D. Ramón Mariño Sánchez para segregar a finca número 268 da zona de concentración parcelaria de San Cristovo de Dormeá, cunha superficie inicial de 39.190 m² en:

PARCELA 268-A		
Solo de núcleo rural, orixinario disperso		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	500 m ²	1.695 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	> 8 m.
Edificabilidade máxima	0,5 m ² /m ²	0,18 m ² /m ²
Ocupación máxima	50 %	9,2 %
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	3 m.
Observacións: Na parcela existen as seguintes edificacións:		
- Casa (vivenda 2) de planta baixa e alta, ocupando cada unha das plantas 157 m ² . Na finca existe un pozo. □		

PARCELA 268		
Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de núcleo rural na categoría de orixinario disperso		
Superficie total 37.495 m ²		
Solo de núcleo rural, orixinario disperso		
Condicións	PXOM*	Proxecto
Parcela mínima	500 m ²	4.737 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	> 8 m.
Edificabilidade máxima	0,5 m ² /m ²	0,11 m ² /m ²
Ocupación máxima	50 %	11,0 %
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	3,0 m.
Observacións: Na parcela existen as seguintes edificacións:		
- Antiga casa (vivenda 1) de planta baixa que ocupa 148 m ² á que é anexa unha corte de planta baixa que ocupa 91 m ²		
- Cortellos, de planta baixa que ocupan 38 m ² .		
- Alpendre, de planta baixa que ocupa 40 m ² .		
- Almacén, de planta baixa que ocupa 208 m ² .		
A finca está cruzada por unha condución subterránea de auga para usos domésticos procedente do		

pozo situado na finca 268-A, e está cruzada por outra e por un rego e introdúcese outro		
Solo rústico de protección agropecuaria		
Condicións	PXOM	Memoria
Parcela mínima	5.000 m ²	32.758 m ²
Fronte mínimo a vía pública	10 m.	> 10 m.
Edificabilidade máxima	-	-
Ocupación máxima	-	-
Recuamentos a lindeiros	-	-

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- Volver a elevar á Xunta de Galicia consulta en relación á competencia autonómica para deixar sen efecto a vinculación da total superficie real da finca á construción e usos autorizados, en virtude da autorización administrativa número: T.E. 174/06 concedida pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes-Dirección Xeral de Urbanismo, outorgada polo Director Xeral de Urbanismo o día 2 de outubro de 2007, de conformidade co disposto no artigo 42.1 e) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro (LOUG).

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos e enviar certificado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia en relación co punto terceiro.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 2/2014) PARA PECHE PERIMETRAL DUNHA FINCA SITA NA RÚA GÁNDARA NÚMERO 63 DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. MARÍA MILAGROS SANDÁ RODRÍGUEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de Dña. Dña. María Milagros Sandá Rodríguez, con DNI nº 76475018-H, e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Gándara núm. 63, Boimorto, A Coruña, solicitude con entrada no concello nº 1784 en data 13/09/2013 acompañando memoria, fotografías, presuposto e plano.

Con data 23/09/2013 os servizos técnicos municipais emiten informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 08/10/2013 rexistro de entrada 2005, pola interesada preséntase “Proxecto de cierre perimetral de finca”, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Francisco Javier Recarey Patiño, colexiado nº 573, visado polo colexio oficial de enxeñeiros agrónomos de Galicia co número 12878 en data 02/10/2013, achegando ademais nomeamentos de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde, visados con data 02/10/2013

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid de data 09/10/2013.

Vista a resolución de data 2/12/2013 do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria expediente 1410/13, autorizando as obras e que tivo entrada neste concello o 9/12/2013, número 2452.

Visto o informe de Secretaría de data 30/01/2014

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dña. María Milagros Sandá Rodríguez, con DNI nº 76475018H (LO 2/2014), para a realización das obras contempladas no proxecto adxunto á solicitude de licenza “Proxecto de peche perimetral de finca” na rúa Gándara número 63 en Boimorto” redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Francisco Javier Recarey Patiño colexiado nº 573 e colexio oficial de enxeñeiros agrónomos de

Galicia co número 12878 en data 02/10/2013, asumíndose a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde por D. Francisco Javier Recarey Patiño enxeñeiro agrónomo Colexiado nº 573.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto.
- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: **5.117,47 €**

Liquidación 2%: **102,35 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Milagros Sandá Rodríguez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 3/2014) PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA NO LUGAR DE SIXTO, PARROQUIA DE BRATES, SOLICITADA A INSTANCIA DE DN A. MARÍA CELIA LÓPEZ FURELOS.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 28/11/2013 nº de rexistro de entrada 2399 presentada por Dna. María Celia López Furelos, con DNI 33274430-P, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Sixto nº 1, parroquia de Brates, Boimorto, para o proxecto de “Ampliación de explotación gandeira en Sixto - Brates - Boimorto” na finca nº 314 polígono 502 pertencente a parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Blanco Colexiado nº 456 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número CO 20130965, clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso, localizándose as obras na segunda das clasificacións.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto que con data 05/12/2013 rexistro de entrada no concello co número 2445 foi presentado oficio de dirección de obra de data 04/12/2013 nomeando dirección de obra ao enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Blanco Colexidado nº 456, co seu correspondente visado de data 05/12/2013 nº 20130965.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 05/12/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa de que non é necesario someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe de Secretaría de data 28/01/2014 e as advertencias nel contidas.

Visto o compromiso por parte da interesada de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes do servizos técnicos municipais e no de Secretaría-Intervención.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dña. María Celia López Furelos, con DNI nº 33274430-P (LO 3/2014) conforme á solicitude e documentación indicada nos condierandos deste acordo para o proxecto de “Ampliación de explotación gandeira” no lugar lugar de Sixto, parroquia de Brates; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Blanco Colexiado nº 456 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número CO 20130965; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso, se ben as obras atópanse na segunda das clasificacións, asumíndose a dirección de obra polo técnico redator do proxecto, D. José Rodríguez Blanco.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31, 43.3 e 89 do PXOM de Boimorto e os artigos 29 e 42 da Lei 9/2002.

.- En todo caso, o prazo para inicio das obras será de seis meses, a contar dende o outorgamento da licencia municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, a contar dende o outorgamento da licenza.

.- As obras a realizar consisten en:

- Construción dunha nave de 209,50 m², formada por unha corte de 182,0 m² (13,0 x 14,0 m), de planta baixa, con estrutura a base de piares e vigas de formigón, así como un anexo lateral de 27,5 m² (5,0 x 5,5 m), en planta baixa, con estrutura a base de cerramentos de bloque de formigón e correas de formigón. Na corte sitúase unha fosa de xurro de 36,4 m² (13,0 x 2,80 m) e unha altura de 2,0 m, cun volume total de 72,8 m³. A altura da corte é de 4,62 m, mentres que a do anexo é de 2,95 m. A cuberta da corte será a dúas augas, mentres que a do anexo será a unha auga, empregándose fibrocemento cor arxila, nas dúas. Os cerramentos serán a base de bloques de formigón, revestidos con morteiro de cemento e pintados de cor branco.

.- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será a regulada no artigo 43.3 do PXOM:

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 3/2014

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO; según valoración feita polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello: 35.371,98 €

Liquidación 2% : **707,44 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.1.4.- ACEPTACIÓN REALIZADA NA PRÁCTICA DA SUPERFICIE DE 22,85 M2 DE TERREO PARA AMPLIACIÓN DO VIAL (CAMIÑO A REGO DO PAZO) EXPEDIENTE DE SEGREGACIÓN DE FINCA URBANA “DOS ASIENTOS” LICENZA URBANÍSTICA N° 23/2012 OUTORGADA AOS IRMÁNS D. LUCIANO, D. JOSÉ E D. MANUEL CAJIDE MATO OUTORGADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30/08/2012

Pola secretaria dáse conta que na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/08/2012 outorgouse licenza de segregación aos irmáns D. Luciano, D. José e D. Manuel Cajide Mato para segregar a finca urbana “Dos Asientos” con referencia catastral (1119109NH7611N) onde se contempla os terreos de cesión para a regularización do viario:

Na Finca A = 5,98 + 6,15 m².

Na Finca B = 9,22 m².

Na Finca C = 8,80 m²

Cesión que está formalizada en escritura pública número 3.293 de data 21/11/2012 polo notario Francisco Manuel López Sánchez.

En relación con este expediente existe unha cesión de terreo de 22,85 m² cedido fai máis de vinte anos e que non está elevado a escritura pública.

A tal efecto, os Irmáns Cajide Mato, con data 13/01/2014 con rexistro de entrada no concello número 44 presentan “Documento técnico/urbanístico relativo a terrenos cedidos para ampliación de un vial” redactado polo arquitecto Antonio Balboa Pombo, colexiado número 1.055

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aceptar, salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, a cesión de terreo de 22,85 m² realizada na práctica fai máis de vinte anos, no camiño denominado a Rego do Pazo conforme se reflexa no plano único E: 1/100 de data Decembro 2013 do documento técnico/urbanístico relativo a terreos cedidos para ampliación dun vial redactado polo arquitecto Antonio Balboa Pombo, colexiado número 1.055

SEGUNDO.- Redactar acta de cesión de viais cos datos sinalados no punto primeiro do presente acordo que deberá ser asinada polos interesados e elevar a escritura pública aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Notificar ós interesados o presente acordo ós efectos oportunos.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- ACORDO SOLICITUDE DE OFERTA ECONÓMICA A TRES EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISIS DE CONTROL DE VERTIDOS DAS EDAR’s E ANÁLISIS DE AUGA EN DOUS MANANCIAIS.

Pola secretaria dáse conta dos tres escritos enviados polo Organismo de Augas de Galicia (RE números 6, 14, e 15 de datas 2 e 3 de xaneiro de 2014) no que se comunica que os informes analíticos de control do vertido de augas residuais depuradas procedentes das instalacións da EDAR de Boimil, Brates e Arceo en algúns dos parámetros están a superar os límites impostos na súa resolución de autorización de vertido, polo se require a este Concello para presentación dun novo control analítico.

Por outro lado, sendo necesario contar con autorización da Consellería de Sanidade para incorporar os novos mananciais a rede municipal de abastecemento de auga con motivo das obras realizadas contempladas no proxecto “Captación en Rodieiros para abastecemento de auga” incluída no PCC 2012 da Excm. Deputación Provincial (Expediente COPNSP 1/2012) é necesario remitir xunto coa solicitude o anexo X: parámetros a determinar nas concesións de auga ou novacións (Parte A).

Aos efectos de realizar a contratación menor deste servizo, por unanimidade a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dirixir oferta ás seguintes empresas: Labaqua, S.A con CIF: A-03637899, Espina & Delfin, S.L con CIF: B-15026693 e Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L con CIF: B-15987399 para realizar as seguintes analíticas, indicando o prezo total (incluído o IVE).

Análise control do vertido	
Depuradora	Parámetros
Boimil - DH.V15.18402	DQO (mg/l) Nitróxeno amoniacal (mg/l)
Brates - DH.V15.29888	DBO ₅ (mg/l) DQO (mg/l) Sólidos en suspensión (mg/l)
Arceo - DH.V15.13444	DBO ₅

Análise de auga	
	Situación xeográfica
Manancial 1	Lugar: Fros Parroquia: Rodieiros (San Simón) Coord. UTM: X: 577.165 Y: 4.759.655
Manancial 2	Lugar: Fros Parroquia: Rodieiros (San Simón) Coord. UTM: X:577.210 Y: 4.759.495

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitido ás empresas indicadas, indicándolle que deberán presentar a oferta no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao recibo do presente acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
151714FS0001164-28/01/14	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obrigatoria do trator matrícula E6306BCB	34,75 €
151714FS0001166-28/01/14		Inspección periódica obrigatoria do remolque matrícula E6864BDG	34,75 €
150214FS0005296-30/01/14		Inspección periódica obrigatoria do camión grande de recollida de lixo matrícula 7428FJK	59,75 €
34/00C-58/04-01-14 <input type="checkbox"/>	Mercash Sar S.L. B36007409	Caramelos Cabalgata de Reis 2014	29,58 €
Póliza nº:	Mapfre Familiar	Seguro do camión grande de	

0004236100015 Póliza nº: 0009406850169	Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. / A28141935	recollida de lixo período de vixencia 02-01-14/02-01-15 Seguro cargadora retroexcavadora período de vixencia 18-01-14/18-01-15	1.099,06 € 89,03 €
AR326301-15/01/14	ABM-REXEL, S.L.U. / B28262822	Material reparación alumbeado público	1.426,90 €
1-A-4/01/14 1-B-4/01/14 1-C-4/01/14 1-D-4/01/14 2-A-14/01/14 2-B-14/01/14	Antonio Ansede Blanco / 32440038-X	Comida Cantares de Reis 2014 Comida Cantares de Reis 2014 Comida Cantares de Reis 2014 Comida Cantares de Reis 2014 Leite para o centro social municipal de maiores Azúcar, descafeinado, colacao e café para o centro social municipal de maiores	233,02 € 894,44 € 83,55 € 86,39 € 128,17 € 49,96 €
Póliza nº 9211000019	ARTAI Correduría de Seguros S.A. / A-36.768.257	Seguro asistencia en viaxe do autobús período 17/11/13 a 17/11/14	187,03 €
821.732-10/01/14 821.109-10/01/14	Ascensores Enor, S.A. / A36650992	Servizo de mantemento ascensor residencia xaneiro/14 Servizo de mantemento ascensor casa consistorial xaneiro/14	332,80 € 332,52 €
140113-21/01/14	Carechem Distribución, S.L. / B15601081	Produtos de limpeza para a residencia	40,05 €
14/14-30/01/14 12/14-28/01/14	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15.056.468 □	Honorarios “Actualización do Plan de □autoprotección e rexistro telemático do Centro de día e Mini-residencia” Honorarios popr asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto xaneiro/14	435,60 € 2.420,00 €
14/38-10/01/14	Comercial Boimil, S.L.L. / B-15.751.555	Material cerre perimetral depuradora de Arceo	63,40 €
1-04/01/14	Ángeles Iñiguez Casal / 76.517.968-G	Pan “Certame Cantares de Reis” 2014	72,00 €
A88858-08/01/14	Jim Sports Technology, S.L. / B15932304	Agasallos Cabalgata de Reis 2014	238,98 €
01/2014-13/01/14 02/2014-13/01/14 □	José M. Presedo Mira / 44.848.185-W	Montaxe, posta en marcha e desmontaxe alumbeado navideño 13 arcos Aluguer grupo electrógeno para certame de cantares de reis 2014	1.000,00 € 350,00 €
D1-02/01/14 D-2-02/01/14 D-13-07/01/14 D-34-13/01/14	Juan López Sánchez / 34258362-T	Gasóleo automoción Gasóleo calefacción residencia Gasóleo calefacción residencia Gasóleo calefacción casa consistorial Gasóleo automoción	3.124,99 € 2.178,00 € 2.359,42 €

D-61-20/01/14			1.320,00 € 3.075,00 €
145-02/01/14	Manuel J. Uzal Gómez / 76.498.650-Y	Carteis, folletos, notas informativas e encuadernación III Plan municipal de igualdade de oportunidades. Subv. Deput. Servizos Sociais 2013	1.814,40 €
146-02/01/14 □		Impresión e confección de calendarios	908,50 €
140025-01/01/14	María José Vázquez Freire / 33277749S	Produtos médicos para a residencia	4,00 €
11/01-08/01/14	Ocio Marinada S.L. / B15858871	Actividades recreativas na Cabalgata de Reis o 5 de xaneiro no pavillón	605,00 €
14 70-20/01/14	Químicos y Celulosas, S.L. / B-15670391	Ambientador para a residencia	78,12 €
96.554-15/01/14 □	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15.214.349	Material reparación do camión pequeno de recollida de lixo	465,18 €
54217-03/01/14	Río Blanco S.L. / B- 15424047	Hipoclorito sódico	283,14 €
0003/S14-07/01/14	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación vehículo de protección civil matrícula 5895GZW	237,89 €
2-27/01/14	Mª Lourdes Vereá □ Seoane / 76510236T	Material diverso para a residencia □	129,20 €
3-27/01/14		Material para o Certame Cantares de Reis e Cabalgata	32,00 €
4-27/01/14		Material de manualidades	27,90 €
1-A-27/01/14		Material para o Concello	42,40 €
1-B-27/01/14		Material para o PAI	68,66 €
1-C-27/01/14		Material para protección civil	130,53 €
1-D-27/01/14		Material para a residencia	15,00 €
1-E-27/01/14		Material para o camión de recollida de lixo	163,08 €
1-F-27/01/14		Candado para o depósito de auga de Rodieiros	8,70 €
1-G-27/01/14		Material servizo de limpeza	2,25 €
1-H-27/01/14		Material para o centro de saúde	24,60 €
1-I-27/01/14		Material para o centro social municipal de maiores	85,99 €
1-J-27/01/14		Material para o campo de fútbol	15,20 €
1-K-27/01/14		Material para o alumeadado público	18,80 €
2014-10000811- 10/01/14	Wolters Kluwer España S.A. A58417346	Subscripción a “El Consultor” periodo 01-2014 a 12-2014	2.307,76 €
28-A481-553361 01/01/14	Telefónica Móviles España, S.A. A- 78923725	Recibo teléfonos móviles período 18/11/13 a 17/12/13	156,97 €
TA4JH0377520	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	81,57 €

TA4JH0377519		Recibo teléfono xulgado de paz	16,99 €
TA4JH0385763		Recibo teléfono oficinas Concello	312,30 €
TA4JH0377522		Recibo teléfono PAI	19,06 €
TA4JH0391815		Recibo teléfono ascensor residencia	11,17 €
TA4JH0392174		Recibo teléfono residencia	65,80 €
TA4JH0387532		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	70,92 €
TA4JH0385539		Recibo teléfono ascensor casa consistorial	8,70 €
19/01/14			

5.2.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XANEIRO 2014: BAIXA USUARIA NO SERVIZO DE DEPENDENCIA

Pola secretaria dáse conta que na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 31/10/2013 dase validez á relación de usuarios do servizo de axuda a domicilio (libre concurrencia e dependentes) a data 30/10/2013 así como a lista de espera.

No que se refire á relación de usuarios dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, segundo informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 29/01/2014 causa baixa Dña. Dolores Vázquez Fernández, DNI 33133041-T con data 23/01/2014 por ingreso na residencia de persoas maiores do Concello de Boimorto.

A Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 29/01/2014, dar de baixa na listaxe de usuarios do servizo de dependencia a Dña. Dolores Vázquez Fernández.

SEGUNDO.- Tendo en conta a modificación comunicada na Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/12/2013 onde se informa que o servizo de axuda no fogar do dependente Jesús Manuel Rúa Quintela que tiña 40 horas de atención pasa 30 horas por expreso desexo da familia.

TERCEIRO.- Tendo en conta os acordos anteriores a lista de usuarios dependentes queda do seguinte xeito, indicando ao lado de cada usuario o grado e horas concedidas e efectivamente prestadas:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES PRESTADAS <input type="checkbox"/>	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Concepción Filloy Veiga Lg Arentía, Andabao <input type="checkbox"/>	Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Sofía García Souto Lg Bertomil, Brates, Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Victoria Aguión Peteiro Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
María Felpete Costoya Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto <input type="checkbox"/>	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas

Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto☐	efectivamente prestadas
Carmen Costoya Brea Lg Currás, Cardeiro, Boimorto☐	Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto☐	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto☐	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao☐	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas

5.3.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO CUADRIMESTRE DO EJERCICIO 2013

Pola secretaria infórmase que durante este mes de xaneiro as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao terceiro cuadrimestre do exercicio 2013 e o canon da auga de consumos propios correspondente ao ano anterior.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 343/2013 de data 30 de setembro de 2013 correspondente ao terceiro trimestre do período impositivo de 2013, cunha liquidación de 5.967,82 Euros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 16 de outubro de 2013 número 197).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 28 de decembro de 2013.

Visto o importe do canon de auga recadado ata o día da data, 30 de decembro de 2013, por importe de 5.906,06 Euros.

Vista o importe do canon de auga de consumos propios correspondente aos edificios municipais, por importe de 683,81 Euros

Vista a relación de recibos impagados correspondente ao segundo e terceiro trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao cuarto cuadrimestre do exercicio 2013 por importe total de 6.589,87 Euros con cargo a conta extraorxamentaria 2310 do orzamento municipal de 2013 prorrogado no 2014.

SEGUNDO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do segundo trimestre de 2013 que a continuación se reflexan:

Nome e Apellidos	DNI	Domicilio Subministro	Debeda
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,50 €
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	19,62 €
* Luis Lopez Quintela		32203478M Casal, 2 (Brates)	1,50 €

TERCEIRO.- Aprobar a relación de recibos de canon impagados do terceiro trimestre de 2013 que a continuación se reflexan:

Nome e Apellidos	DNI	Domicilio Subministro	Debeda
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Camiño de Cheda, 6 (Boimorto)	1,50 €
* Jose Javier Lopez Vázquez	76514967Q	Estrada da Mota, 9 (Boimorto)	6,74 €
* Luis Lopez Quintela		32203478M Casal, 2 (Brates)	1,50 €
* Manuel García Sánchez	33241708S	Viladóniga, 13 (Boimorto)	1,50 € *
Viviana del Carmen			

Vázquez Chavez

X3927756T Carretera, 1 (Corneda)

8,73 €

CUARTO.- Efectuar o ingreso na conta número 2080/5355/60/3110037252 de Novagalicia Banco.

5.4.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O CURSO DE INFORMÁTICA PARA ADULTOS

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o Curso de Informática para adultos redactadas en data 28/01/2014 pola a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<< BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA O CURSO DE INFORMÁTICA DE ADULTOS

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para o curso de informática para adultos que será todos os martes en horario de 20:30 a 22:00 horas un grupo e outro grupo os mércores de 11:00 a 12:00 horas; durante os meses de febreiro a maio de 2014, cun mínimo de 8 persoas para que se leve a cabo é un máximo de 15.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 5 euros por persoa mensuais.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe mensual na primeira semana do mes.

Boimorto, 28 de xaneiro de 2014

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade de Curso de Informática para adultos, redactada pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo o prezo público por cada mes de curso en 5 euros/participante.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 468, 470, 472, e 473 correspondentes ao exercicio 2013 e os números 5, 6, 16, 18 e 20 correspondentes ao exercicio 2014 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local

o día 30 de xaneiro de 2014, está transcrita nos folios da Serie A do nº 2795953 ao nº 2795963

A SECRETARIA,